222	Índice D	D-index	Índice D/Índice-D/Índex D	Índice de discriminación para os ítems dunha proba. Adóitase empregar en probas a pequena escala na aula, xa que se pode calcular á man. A partir da puntuación total da proba, selecciónase un grupo superior e un grupo inferior, de xeito que cada grupo abrangue entre o 10% e o 33% dos candidatos. Para puntuacións de distribución normal, o óptimo é empregar o 27% en cada grupo. Cóntanse as respostas a cada ítem dos candidatos da proba e nos ítems que discriminan ben o grupo superior puntuará máis alto ca o grupo inferior. A fórmula seguinte dá o índice de discriminación do ítem: $D = P_s - P_i$ onde P_s é a fracción do grupo de puntuación superior que respondeu correctamente a un ítem e onde P_i é a fracción do grupo de puntuación inferior que respondeu correctamente a un ítem. En xeral, os ítems cun índice igual ou superior a 0,3 ou semellante considéranse que discriminan ben.	CA:206, DA:59, DE:72, EN:91, ES:223, FR:208, GA:186, IT:194, NE:92, PO:218

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
223	Índice de dificultade	Difficulty task	Índice de dificultad/Índice de dificultade/Índex de dificultat	Na teoría clásica da proba, a dificultade dun ítem é a proporción (p) de candidatos que responden correctamente. Isto significa que o índice de dificultade do ítem depende da mostra e cambia segundo o nivel de capacidade dos candidatos. <i>Cf. Índice de facilidade, valor p</i>	CA:207, DA:378, DE:343, EN:101, ES:224, FR:209, GA:187, IT:196, NE:249, PO:219
224	Índice de facilidade	Facility index	Índice de facilidade/Índice de facilidade/Índex de facilitat	Proporción de respostas correctas a un ítem, expresada nunha escala de 0 a 1 ou en forma de porcentaxe. Tamén chamado <i>valor de facilidade</i> ou <i>valor-p</i> .	CA:209, DA:191, DE:208, EN:141, ES:225, FR:210, GA:188, IT:197, NE:146, PO:220
225	Índice de lexibilidade	Readability index	Índice de legibilidade/Índice de lectura/Índex de legibilitat	Medida da complexidade gramatical e léxica que se emprega para avaliar o grao en que os lectores consideran que un texto é comprensible. Exemplos de índices de lexibilidade son o índice de Gunning's Fog e a escala de lexibilidade de Flesch.	CA:210, DA:222, DE:219, EN:320, ES:226, FR:211, GA:189, IT:198, NE:223, PO:221
226	Índice medio de dificultade dun ítem (p media)	Mean item difficulty index (mean p)	Índice medio de dificultad de un ítem (p media)/Índice medio de dificultade dum ítem (Media p)/Índex de dificultat mitjana d'ítem (p mitjana)	Proporción media de respostas correctas de todos os ítems dunha escala de ítems puntuados dicotomicamente. Por exemplo, unha p media de 0,5 indica que o índice medio de facilidade da proba é de 0,5. <i>V. Puntuación dicotómica</i>	CA:208, DA:132, DE:246, EN:228, ES:227, FR:212, GA:190, IT:195, NE:150, PO:222
227	<i>Input</i>	Input	Input/Material-estímulo/Estímul	Material que se lle proporciona ao candidato para que produza unha resposta adecuada. Por exemplo, nunha proba de comprensión oral pode ser un texto gravado e acompañado de varios ítems escritos asociados.	CA:169, DA:142, DE:408, EN:174, ES:228, FR:147, GA:199, IT:199, NE:180, PO:254

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
228	Instrucións específicas	Rubric	Instrucciones específicas/ Conselhos/Rúbrica	Directrices proporcionadas aos candidatos para orientar as respostas dunha determinada tarefa. <i>Cf. Instrucións xerais</i>	CA:384, DA:264, DE:23, EN:336, ES:229, FR:78, GA:295, IT:193, NE:219, PO:92
229	Instrucións xerais	Instructions	Instrucciones generales/ Instruções/Instruccions	Directrices xerais proporcionadas aos candidatos dunha proba (normalmente acompañando a folia de respostas) con información acerca da duración do exame, do número de actividades, de onde se deben escribir as respostas etc. <i>Cf. Instrucións específicas</i>	CA:211, DA:143, DE:391, EN:175, ES:230, FR:214, GA:402, IT:208, NE:181, PO:225
230	Intercepción Y	y-intercept	Intercepción-Y/Intercepção-Y/Intercepció Y	Nunha regresión lineal, o punto no que a liña de regresión atravesa o eixe vertical (Y). <i>V. Regresión lineal</i>	CA:212, DA:438, DE:146, EN:441, ES:231, FR:215, GA:181, IT:200, NE:438, PO:226
231	Intervalo	Interval	Intervalo/Intervalo/Interval	Diferenza entre dous puntos nunha escala.	CA:214, DA:148, DE:160, EN:183, ES:232, FR:218, GA:131, IT:203, NE:187, PO:228
232	Intervalo de confianza	Confidence interval	Intervalo de confianza/ Intervalo de confianza/ Interval de confiança	Área correspondente a un valor estimado dentro da que probablemente se atopará o valor real. O grao de probabilidade defínese xeralmente en niveis de confianza do 95% ou 99%.	CA:215, DA:182, DE:184, EN:67, ES:233, FR:219, GA:132, IT:204, NE:45, PO:229

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
233	Invarianza	Invariance	Invariancia/Invariância/Invariància	Na teoría de resposta ao ítem, trazos inherentes que non dependen da habilidade dos candidatos (como a dificultade dun ítem e as medidas de discriminación). Tamén se refire a medidas de capacidade que non dependen dos ítems concretos utilizados.	CA:216, DA:152, DE:164, EN:187, ES:234, FR:220, GA:120, IT:205, NE:191, PO:230
234	Ítem	Item	Ítem/Item/Ítem	Cada elemento dunha proba que se puntúa por separado. Por exemplo, cada un dos espazos dunha proba de encher ocos, unha pregunta de escolla múltiple con tres ou catro opcións, unha secuencia para transformar gramaticalmente, unha pregunta para a que se espera unha resposta en forma de oración etc. Cf. <i>Actividade</i>	CA:217, DA:154, DE:166, EN:189, ES:235, FR:221, GA:240, IT:209, NE:195, PO:231
235	Ítem áncora	Anchor item	Ítem de anclaxe/Item-âncora/Ítem àncora	Ítem incluído en máis dunha proba. Estes ítems teñen características coñecidas e forman parte dunha nova versión dunha proba, co fin de fornecer información sobre esta proba e sobre os candidatos que a fan. Por exemplo, para calibrar unha proba nova nunha escala de medida. Tamén chamado <i>ítem de ligazón</i> . Cf. <i>Proba de ancoraxe</i> V. <i>Calibración</i>	CA:218, DA:16, DE:18, EN:15, ES:237, FR:225, GA:241, IT:212, NE:17, PO:232
236	Ítem baseado nun texto	Text-based item	Ítem baseado en un texto/Ítem baseado em texto/Ítem basat en le text	Ítem baseado nun fragmento de discurso. Por exemplo, ítems de escolla múltiple baseados nun texto de comprensión de lectura.	CA:219, DA:387, DE:412, EN:412, ES:236, FR:226, GA:254, IT:213, NE:269, PO:233

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
237	Ítem de completar	Completion item	Ítem de completar/Ítem de completamento/Ítem de completar	Ítem no que o candidato ten que completar unha secuencia, normalmente escribindo varias palabras ou dando detalles tales como horarios ou números de teléfono.	CA:226, DA:421, DE:102, EN:60, ES:238, FR:223, GA:243, IT:215, NE:193, PO:234
238	Ítem de encher ocos	Gap-filling item	Ítem de rellenar huecos/Ítem de completamento/Ítem d'omplir buits	Ítem no que o candidato ten que encher os espazos baleiros dun texto. A resposta pode ser proporcionada polo candidato ou seleccionada entre unha serie de opcións.	CA:223, DA:138, DE:229, EN:151, ES:241, FR:317, GA:249, IT:78, NE:192, PO:235
239	Ítem de encher ocos de escolla múltiple	Multiple-choice gap-filling	Ítem de rellenar huecos de selección múltiple/Teste lacunar de escolha múltipla/Ítem d'omplir buits d'elecció múltiple	Ítem no que o candidato ten que seleccionar unha de varias opcións para encher os ocos dun texto determinado. <i>V. Ítem de encher ocos</i>	CA:224, DA:237, DE:250, EN:239, ES:242, FR:386, GA:215, IT:79, NE:251, PO:390
240	Ítem de escala	Scalar item	Ítem escalar/Ítem escalado/Ítem d'escala	Ítem que se puntúa cunha escala. <i>V. Puntuación de escala</i>	CA:222, DA:342, DE:27, EN:342, ES:248, FR:230, GA:252, IT:220, NE:328, PO:242

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
241	Ítem de escolla múltiple	Multiple choice item	Ítem de selección múltiple/ Ítem de escolha múltipla/ Ítem d'elècció múltiple	Ítem que consiste nunha pregunta ou oración incompleta (<i>input</i>) e unha serie de alternativas para responder ou completar a oración (opcións). A tarefa do candidato consiste en escoller a opción correcta (clave) de tres, catro ou cinco posibilidades, sen ningún tipo de produción lingüística. Por iso, os ítems de escolla múltiple adoitan empregarse en probas de comprensión de lectura e comprensión oral. Poden ser discretos ou baseados nos textos. <i>V. Ítem discreto, Ítem baseado nun texto</i>	CA:220, DA:236, DE:249/234, EN:238, ES:244, FR:222, GA:247, IT:211, NE:252, PO:236
242	Ítem de formación de palabras	Word formation item	Ítem de formación de palabras/Ítem de formação de palabras/Ítem de formació de mots	Ítem no que o candidato ten que producir unha forma dunha palabra a partir doutra forma da mesma palabra usada como estímulo.	CA:227, DA:269, DE:445, EN:439, ES:240, FR:227, GA:244, IT:216, NE:437, PO:237
243	Ítem de ligazón	Link item	Ítem de enlace/Ítem-ligação/ Ítem d'enllaç	<i>V. Ítem áncora</i>	CA:221, DA:218, DE:432, EN:215, ES:239, FR:231, GA:250, IT:214, NE:232, PO:244
244	Ítem de resposta curta	Short answer item	Ítem de respuesta corta/Ítem de resposta curta/Ítem de resposta curta	Ítem aberto no que o candidato ten que dar unha resposta curta utilizando unha palabra ou frase.	CA:228, DA:198, DE:205, EN:362, ES:243, FR:224, GA:246, IT:311, NE:209, PO:238
245	Ítem de transformación	Transformation item	Ítem de transformación/Ítem de transformação/Ítem de transformació	<i>V. Transformación de secuencias</i>	CA:229, DA:413, DE:420, EN:416, ES:245, FR:403, GA:242, IT:217, NE:402, PO:239


N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
246	Ítem discreto	Discrete item	Ítem discreto/Ítem discretivo/Ítem discret	Ítem autónomo que non está vinculado a un texto, a outros ítems ou a material suplementario. Por exemplo, os ítems de escolla múltiple. Cf. <i>Ítem baseado no texto</i>	CA:230, DA:71, DE:421, EN:109, ES:246, FR:228, GA:253, IT:219, NE:106, PO:241
247	Ítem discreto específico	Discrete-point item	Ítem discreto específico/Ítem discretivo específico/Ítem de punt discret	Ítem discreto, popularizado por Robert Lado na década dos sesenta, que avalía un aspecto específico, por exemplo, estrutura ou vocabulario, e que no está vinculado a ningún outro ítem. Cf. <i>Ítem integrador</i> V. <i>Ítem discreto</i>	CA:225, DA:72, DE:82, EN:110, ES:247, FR:229, GA:251, IT:210, NE:107, PO:240
248	Ítem integrador	Integrative item/task	Ítem integrador/Actividad integradora/Ítem/Tarefa integrativo/a/Ítem integratiu/Tasca integratiu	Ítem ou actividade que require máis dunha destreza. Por exemplo, os ítems nunha proba de encher ocos, nunha entrevista oral, na lectura dunha carta e na súa resposta escrita. Tamén denominado <i>actividade integradora</i> . Cf. <i>Ítem discreto específico</i>	CA:231, DA:144, DE:156, EN:176, ES:249, FR:316, GA:248, IT:221, NE:182, PO:245
249	Ítem para completar	Stem	Enunciado de partida/Inicio dun ítem/Nucli de l'ítem	<i>Input</i> escrito, a miúdo unha secuencia incompleta que o candidato ten que rematar escollendo unha de varias opcións. Cf. <i>Clave de resposta, Opcións</i> V. <i>Ítem de escolla múltiple</i>	CA:276, DA:360, DE:29, EN:387, ES:139, FR:10, GA:160, IT:346, NE:359, PO:224
250	Ítem verdadeiro/falso	True/false item	Ítem Verdadero/Falso/Ítem verdadeiro/falso/Ítem vertader/fals	Ítem de resposta seleccionada no que o candidato ten que indicar se unha serie de enunciados son certos ou falsos en relación cun texto.	CA:232, DA:326, DE:326, EN:419, ES:250, FR:429, GA:245, IT:218, NE:426, PO:243

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
251	KR-20 (Fórmula 20 de Kuder-Richardson)	KR-20 (Kuder-Richardson formula 20)	KR-20 (Fórmula 20 de Kuder-Richardson)/KR-20 (fórmula 20 de Kuder-Richardson)/KR-20 (fórmula 20 de Kuder-Richardson)	V. <i>Kuder-Richardson</i>	CA:234, DA:201, DE:194, EN:199, ES:252, FR:233, GA:205, IT:222, NE:210, PO:246
252	KR-21 (Fórmula 21 de Kuder-Richardson)	KR-21 (Kuder-Richardson formula 21)	Kr-21 (Fórmula 21 de Kuder-Richardson)/KR-21 (fórmula 21 de Kuder-Richardson)/KR-21 (fórmula 21 de Kuder-Richardson)	V. <i>Kuder-Richardson</i>	CA:235, DA:202, DE:195, EN:200, ES:253, FR:234, GA:206, IT:223, NE:211, PO:247
253	Kuder-Richardson	Kuder-Richardson	Kuder-Richardson/Kuder-Richardson/Kuder-Richardson	Dúas medidas de coherencia interna desenvolvidas por Kuder e Richardson e empregadas na determinación da fiabilidade dunha proba. KR-21 require menos información e é máis doado de calcular, pero en xeral dá unha estimación inferior a KR-20. Cf. <i>Alfa, Coeficiente alfa</i> V. <i>Coherencia interna</i> Referencia: Henning (1987: 84)	CA:236, DA:206, DE:200, EN:201, ES:254, FR:235, GA:207, IT:224, NE:212, PO:248
254	Lector óptico	Optical mark reader (OMR)	Lectora óptica/Leitor óptico/Máquina de lectura óptica	Aparello electrónico empregado para escanear información da folia de respostas. Os candidatos e os avaliadores poden marcar as respostas dos ítems e das actividades nunha folia e o ordenador le directamente esta información. Tamén chamado <i>escáner</i> .	CA:242, DA:268, DE:274, EN:261, ES:255, FR:237, GA:214, IT:226, NE:274, PO:249
255	Léxico	Lexis	Léxico/Léxico/Léxic	Termo empregado para referirse ao vocabulario.	CA:237, DA:212, DE:221, EN:210, ES:257, FR:238, GA:213, IT:225, NE:227, PO:250

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
256	Lingua con fins específicos	Language for specific purposes (LSP)	Lengua para fines específicos (LSP)/Lingua para fins específicos/Llengua pera a propòsits específics	Ensino ou avaliación da lingua empregada para unha tarefa ou profesión, como por exemplo, o inglés para o control do tráfico aéreo ou o galego comercial.	CA:238, DA:95, DE:111, EN:205, ES:256, FR:236, GA:385, IT:227, NE:378, PO:251
257	Lista de comprobación	Checklist	Lista de corroboración/Lista de controle/Lista de comprovació	Lista de preguntas ou aspectos que se deben contestar ou analizar. Emprégase a miúdo como ferramenta de observación ou análise de probas de lingua.	CA:240, DA:48, DE:64, EN:48, ES:258, FR:239, GA:351, IT:228, NE:58, PO:252
258	Lógit	Logit	Logit/Logit/Lògit	Na teoría de resposta ao ítem, unidade de medida derivada do logaritmo natural da relación entre a posibilidade de éxito e a posibilidade de fracaso, é dicir, probabilidade logarítmica. A diferenza en lógit entre a capacidade dunha persoa e a dificultade dun ítem é a probabilidade logarítmica desa persoa de responder correctamente o ítem. Referencia: Henning (1987: 118-126).	CA:241, DA:220, DE:227, EN:218, ES:259, FR:240, GA:216, IT:232, NE:234, PO:253
259	Media	Mean	Media/Média/Mitjana aritmètica	Medida de tendencia central que se calcula ao sumar todas as puntuacións dunha convocatoria de proba e dividilas polo número total de puntuacións. Cf. <i>Mediana, moda</i> . V. <i>Medida de tendencia central</i> . Referencia: Hatch e Lazaraton (1991: 161-163).	CA:250, DA:231, DE:244, EN:227, ES:261, FR:257, GA:226, IT:234, NE:151, PO:255
260	Media cuadrática	Mean square	Media cuadrática/Quadradado da média/Mitjana quadrática	Nome dado á varianza na ANOVA.	CA:251, DA:230, DE:245, EN:229, ES:262, FR:47, GA:227, IT:295, NE:149, PO:319

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
261	Mediana	Median	Mediana/Mediana/Mediana	Medida de tendencia central que se corresponde coa puntuación no centro da distribución dun conxunto de puntuacións ordenadas de menor a maior e que divide este conxunto en dúas partes iguais: a metade superior e a metade inferior. <i>V. Medida de tendencia central</i> Cf. <i>Media, Moda</i> Referencia: Hatch e Lazaraton (1991: 161)	CA:244, DA:228, DE:232, EN:232, ES:263, FR:242, GA:3, IT:235, NE:239, PO:256
262	Medida	Measurement	Medida/Medição/Mesura	Proceso polo que se atopa una cantidade comparándoa cunha unidade fixa, por exemplo, ao usar unha regra para medir a lonxitude. En ciencias sociais, refírese moitas veces á cuantificación dos trazos dos individuos, como por exemplo, a competencia nunha lingua. Referencia: Bachman (1990: cap. 2)	CA:254, DA:242, DE:241, EN:230, ES:264, FR:243, GA:395, IT:238, NE:245, PO:257
263	Medida de tendencia central	Measurement of Central tendency	Tendencia central (medida de)/Tendência central (medida da)/Mesura de tendència central	Xeito de localizar o punto medio ou a media estatística dunha distribución. As tres medidas de tendencia central xeralmente empregadas son a media, a mediana e a moda. Referencia: Guilford e Fruchter (1981: cap 4), Henning (1987: 39-40), Hatch e Lazaraton (1991: 159-164)	CA:246, DA:47, DE:447, EN:45, ES:391, FR:358, GA:62, IT:348, NE:55, PO:356
264	Medida independente da mostra	Sample-free measurement	Medida libre de muestra/Medição independente da amostra/Mesura independent de la mostra	Interpretación dos resultados que non depende da mostra empregada nun determinado traballo de investigación. <i>V. Mostra</i>	CA:247, DA:373, DE:382, EN:339, ES:265, FR:244, GA:396, IT:293, NE:371, PO:258

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
265	Método da grafía delta	Delta plot method	Método de representación delta/Método do gráfico delta/Mètode del gràfic delta	<p>Método para considerar o funcionamento diferencial dos ítems. Emprégase para identificar ítems que esaxeran ou minimizan diferenzas en actuacións de grupo e baséase nas dificultades clásicas dos ítems (valores-p). Os valores p transfórmanse en puntuacións z normalizadas e estes valores márcanse por parellas nunha gráfica para amosar a dificultade relativa dos ítems para os dous grupos en cuestión.</p> <p><i>V. Funcionamento do ítem diferencial</i> Referencia: Crocker e Algina (1986: 388-390)</p>	CA:249, DA:61, DE:74, EN:92, ES:267, FR:246, GA:256, IT:237, NE:93, PO:260
266	Método de proba	Test method	Método de examen/Método de teste/Mètode de prova	<p>Cada un dos diferentes métodos para avaliar a capacidade lingüística, como por exemplo, escolla múltiple, encher ocos, redacción, entrevista oral etc. Obsérvase que o método de proba interacciona coa capacidade na medida da actuación do candidato.</p> <p><i>V. Características dos métodos de probas</i> Referencia: Bachman (1990: 77)</p>	CA:248, DA:395, DE:401, EN:401, ES:266, FR:245, GA:257, IT:236, NE:396, PO:259

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
267	Moda	Mode	Moda/Moda/Moda	<p>Medida de tendencia central que se corresponde coa puntuación que aparece con máis frecuencia dentro dun conxunto de puntuacións.</p>  <p>Cf. <i>Distribución bimodal, Medía, Mediana</i> <i>V. Medida de tendencia central</i> Referencia: Hatch e Lazaraton (1991: 160-161)</p>	CA:252, DA:232, DE:247, EN:235, ES:268, FR:247, GA:255, IT:240, NE:248, PO:261
268	Modelo cognitivo	Cognitive model	Modelo cognitivo/Modelo cognitivo/Model cognitiu	<p>Teoría sobre o xeito no que se estrutura o coñecemento dunha persoa, tanto en canto a conceptos como a procesos. É importante en probas de lingua, xa que esta teoría pode ter un efecto na elección do método e do contido da proba.</p>	CA:253, DA:178, DE:181, EN:56, ES:269, FR:250, GA:297, IT:243, NE:64, PO:262
269	Modelo de corrección	Mark scheme	Plantilla de corrección/ Esquema de clasificación/ Clau de respostas/Model de correcció	<p><i>V. Clave de respostas</i></p>	CA:52/256, DA:319, DE:228, EN:223, ES:301, FR:29, GA:324, IT:329, NE:79, PO:172

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
270	Modelo de crédito parcial	Partial credit model	Modelo de crédito parcial/ Modelo do crédito parcial/ Model de crèdit parcial	Na teoría de resposta ao ítem, modelo para tratar os datos de escala. Este sería un modelo axeitado para empregar, por exemplo, na análise das respostas a ítems para completar gramaticalmente, que utilizan unha escala, por exemplo, 1, 2 ou 3 para puntuar os ítems; ou na análise dunha entrevista oral que emprega varias escalas de avaliación de actuación. Cf. <i>Modelo de escala de valoración, Modelo de Rasch multifaceta</i> V. <i>Modelo de Rasch</i> . Referencia: Wright e Masters (1982: 40-48)	CA:257, DA:278, DE:281, EN:272, ES:270, FR:253, GA:301, IT:244, NE:282, PO:267
271	Modelo de dous parámetros	Two-parameter model	Modelo de dos parámetros/ Modelo de dois parâmetros/ Model de dos parâmetres	Na teoría de resposta ao ítem, modelo que ten en conta un parámetro de discriminación de ítem ademais do parámetro capacidade/dificultade. Cf. <i>Modelo dun parámetro, Modelo de Rasch</i> V. <i>Teoría de resposta ao ítem</i>	CA:258, DA:411, DE:454, EN:424, ES:271, FR:248, GA:298, IT:241, NE:404, PO:264
272	Modelo de escala de valoración	Rating scale model	Modelo de escala de valoración/Modelo da escala de classificação/Model d'escala de valoració	Extensión do modelo de Rasch simple que trata datos escalares, por exemplo, puntuacións de expresión oral. Cf. <i>Modelo de Rasch</i> V. <i>Modelo de crédito parcial</i> Referencia: Wright e Masters (1982)	CA:254, DA:173, DE:236, EN:316, ES:272, FR:251, GA:303, IT:246, NE:41, PO:263

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
273	Modelo de probabilidade	Probabilistic model	Modelo probabilístico/ Modelo probabilístico/Modelo probabilístico	Modelo no que as relacións causais (por exemplo, entre a dificultade do ítem e a capacidade do candidato para realizar a proba) se explican en termos de graos de probabilidade. O <i>modelo de Rasch</i> é un exemplo.	CA:262, DA:295, DE:297, EN:294, ES:274, FR:255, GA:299, IT:247, NE:430, PO:269
274	Modelo de Rasch	Rasch model	Modelo Rasch/Modelo de Rasch/Modelo de Rasch	Modelo matemático, tamén coñecido como modelo loxístico simple, que establece unha relación entre a probabilidade de que unha persoa complete unha tarefa e a diferenza entre a capacidade da persoa e a dificultade da tarefa. Matematicamente é equivalente ao <i>modelo dun parámetro</i> . Emprégase de distintos xeitos, por exemplo, para manexar as respostas escalares ou explicar as facetas múltiples que dan conta da dificultade dunha tarefa. <i>V. Teoría da resposta ao ítem (TRI), Modelo de crédito parcial, Modelo de escala de valoración, Modelo de Rasch multifaceta</i> Referencia: Henning (1987: 117-125)	CA:259, DA:305, DE:316, EN:310, ES:275, FR:252, GA:302, IT:248, NE:313, PO:266

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
275	Modelo de Rasch multifaceta	Many-faced Rasch model	Modelo Rasch de facetas múltiples/Modelo multi-facetas de Rasch/Model de Rasch multifaceta	Ampliación do modelo de Rasch que permite que se modelen as probabilidades de resposta segundo unha combinación aditiva de facetas. Por exemplo, a actuación nunha actividade de expresión escrita pode ser modelada para reflectir a dificultade da actividade e mais a severidade do avaliador. Este modelo foi desenvolvido, por exemplo, polo programa FACETS. <i>V. Modelo de Rasch</i> Referencias: Linacre (1989)	CA:260, DA:235, DE:289, EN:220, ES:276, FR:254, GA:300, IT:249, NE:236, PO:268
276	Modelo dun parámetro	One-parameter model	Modelo de un parámetro/Model de parâmetro único/Model d'un parâmetre	Na teoría de resposta ao ítem, modelo de medida que opera cunha única escala que representa dificultade (das actividades) e capacidade (das persoas), sen ter en conta a discriminación de ítems variables nin os acertos ao chou. <i>Cf. Modelo de Rasch</i>	CA:255, DA:92, DE:99, EN:259, ES:273, FR:249, GA:296, IT:242, NE:118, PO:265
277	Moderación	Moderation	Moderación/Moderação/Moderació	a) Parte do proceso de elaboración de ítems ou de actividades que se empregan nunha proba. Nesta fase un grupo de expertos (por exemplo, elaboradores de probas ou profesores) examina criticamente os materiais e decide se son aceptados (con algunha posible revisión ou corrección) ou non. b) No proceso de valoración, axuste que fai un supervisor ás cualificacións asignadas por un avaliador. <i>Cf. Selección</i>	CA:263, DA:410, DE:31, EN:237, ES:277, FR:256, GA:260, IT:250, NE:247, PO:270

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
278	Mostra	Sample	Muestra/Amostra/Mostra	Selección dun subconxunto de elementos dunha poboación. Pódense distinguir varios tipos de mostras, como por exemplo, <i>mostra aleatoria</i> , <i>mostra estratificada</i> etc. Referencias: Crocker e Algina (1986: 432-438), Guilford e Fruchter (1981: 44-45)	CA:264, DA:371, DE:380, EN:337, ES:278, FR:116, GA:304, IT:46, NE:369, PO:8
279	Mostra aleatoria	Random Sample	Muestra aleatoria/Amostra aleatoria/Mostra aleatória	Conxunto de individuos extraídos de xeito non-selectivo dunha poboación meta, de maneira que todos teñan as mesmas oportunidades de ser seleccionados para investigación. <i>V. Mostra</i> Referencias: Crocker e Algina (1986: 433-438), Guilford e Fruchter (1981: 120)	CA:265, DA:409, DE:451, EN:307, ES:279, FR:117, GA:305, IT:47, NE:120, PO:9
280	Mostra estratificada	Stratified sample	Muestra estratificada/Amostra estratificada/Mostra estratificada	Mostra dunha poboación meta que primeiro se subdivide nun número de subpoboacións (capas, rangos, estratos), das que se extrae unha mostra. <i>V. Mostra</i> Referencia: Guilford e Fruchter (1981: 122-123)	CA:266, DA:375, DE:134, EN:388, ES:280, FR:119, GA:306, IT:48, NE:157, PO:11
281	Mostras de exame	Sample scripts	Ejemplares modelo/Amostra de escritos/Mostres d'examen	Mostras das respostas dos candidatos que representan unha determinada gama de capacidade. Empréganse na estandarización dos avaliadores.	CA:268, DA:370, DE:254, EN:338, ES:132, FR:118, GA:344, IT:330, NE:420, PO:10
282	Mostraxe	Sampling	Muestreo/Preparação de amostras/Mostreig	Selección dunha mostra. <i>V. Mostra</i>	CA:267, DA:374, DE:384, EN:340, ES:281, FR:120, GA:307, IT:45, NE:368, PO:313

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
283	<i>N, n</i>	<i>N, n</i>	<i>N, n/N, n/N, n</i>	Número. <i>N</i> úsase a miúdo para representar o número de casos dun estudo ou de individuos dunha poboación; <i>n</i> adoita representar o número dunha mostra ou subgrupo. Por exemplo: “A proba administrouse a enxeñeiros (<i>N</i> = 600), dos que o 10% eran mulleres (<i>n</i> = 60).”	CA:269, DA:248, DE:256, EN:244, ES:282, FR:258, GA:261, IT:251, NE:259, PO:271
284	Nivel	Level	Nivel/Nível/Nivell	Grao de dominio esixido a un estudante para acceder a un grupo determinado ou grao de dominio representado nunha proba concreta. Hai diferentes niveis: elemental, intermedio, avanzado etc.	CA:270, DA:247, DE:260, EN:209, ES:283, FR:259, GA:210, IT:229, NE:258, PO:272
285	Nivel inicial	Waystage level	Nivel Supervivencia/Nível de iniciación/Nivel inicial	Especificación dun nivel elemental de competencia en lingua estranxeira, publicado inicialmente polo Consello de Europa no 1977 para o inglés e revisado no 1990. Ten un obxectivo menos esixente e a metade de contidos de aprendizaxe que o <i>nivel limiar</i> . <i>Cf. Nivel limiar</i>	CA:271, DA:437, DE:443, EN:436, ES:284, FR:261, GA:211, IT:231, NE:433, PO:274
286	Nivel limiar	Threshold level	Nivel Umbral/Nivel limiar/Nivel llindar	Especificación en termos funcionais dun nivel básico de competencia en lingua estranxeira. Foi publicado polo Consello de Europa no 1976 para o inglés e revisado no 1990. Desde entón fixéronse versións para varias linguas europeas.	CA:272, DA:419, DE:414, EN:414, ES:285, FR:262, GA:212, IT:230, NE:386, PO:275

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
287	Norma	Norm	Norma/Norma/Norma	Estándar de actuación lingüística. Nunha proba estandarizada, a norma determínase a partir das puntuacións dun grupo grande. A norma ou estándares baseados na actuación deste grupo empréganse para valorar a actuación de grupos posteriores de candidatos semellantes. <i>V. Grupo norma, Proba referida á norma</i>	CA:273, DA:250, DE:263, EN:250, ES:286, FR:264, GA:262, IT:252, NE:261, PO:278
288	Normalización	Normalization	Normalización/ Normalizaçãu/Normalització	Cambio nas puntuacións para transformar a distribución nunha distribución normal. Adoita implicar o uso de escalas equipercntís. <i>Cf. Puntuación estándar</i>	CA:274, DA:253, DE:264, EN:253, ES:287, FR:263, GA:263, IT:253, NE:263, PO:279
289	Nota	Grade	Nota/Nivel/Nota	Forma de presentarlle ao candidato a puntuación acadada nunha proba. Por exemplo, nunha escala de A a E, A é a nota máis alta posible, B é máis que aprobado, C é un aprobado e D e E son suspensos. <i>Cf. Cualificación</i>	CA:275, DA:167, DE:270, EN:156, ES:288, FR:259, GA:164, IT:188, NE:426, PO:272
290	Obxectivo da aprendizaxe	Learning objective	Objetivo del aprendizaje/ Objetivo de aprendizagem/ Objectiu d'aprenentatge	Obxectivo ou resultado desexado nunha actividade educativa.	CA:277, DA:136, DE:215, EN:208, ES:290, FR:289, GA:360, IT:255, NE:217, PO:292
291	Obxectivo da avaliación	Testing point	Objetivo de evaluación del ítem/Ponto testável/Element d'avaluació	Enfoque dun ítem ou aspecto concreto sobre o que un ítem intenta suscitar coñecementos.	CA:128, DA:399, DE:309, EN:409, ES:289, FR:300, GA:281, IT:293, NE:384, PO:307

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
292	Obxectivos	Objectives	Objetivos/Objectivos/Objectius	Coñecemento, competencia e actitudes que se establecen como propósitos dun curso de calquera tipo.	CA:278, DA:244, DE:216, EN:256, ES:291, FR:288, GA:359, IT:254, NE:112, PO:293
293	Opcións	Options	Opciones/Opções/Opcions	Variedade de posibilidades nun ítem de escolla múltiple ou unha actividade de relación entre as que se ten que escoller a correcta.	CA:279, DA:425, DE:38, EN:262, ES:292, FR:290, GA:293, IT:258, NE:14, PO:294
294	Parámetro	Parameter	Parámetro/Parâmetro/Paràmetre	Característica numérica dunha mostra. Por exemplo, a desviación estándar dunha poboación. Cf. <i>Estatístico</i>	CA:280, DA:276, DE:279, EN:269, ES:293, FR:291, GA:272, IT:259, NE:280, PO:296
295	Parámetro A	a-parameter	Parámetro A/Parâmetro-A/Paràmetre A	Parámetro da teoría de resposta ao ítem relacionado coa discriminación dun ítem. V. <i>Teoría de resposta ao ítem (TRI)</i> Referencia: Bachman (1990: 204)	CA:281, DA:1, DE:84, EN:1, ES:293, FR:292, GA:273, IT:260, NE:1, PO:297
296	Parámetro B	b-parameter	Parámetro B/Parâmetro-B/Paràmetre B	Parámetro da teoría de resposta ao ítem relacionado co grao de dificultade dun ítem. V. <i>Teoría de resposta ao ítem (TRI)</i> Referencia: Bachman (1990: 204)	CA:282, DA:24, DE:170, EN:26, ES:295, FR:293, GA:274, IT:261, NE:26, PO:298
297	Parámetro C	c-parameter	Parámetro C/Parâmetro-C/Paràmetre C	Parámetro da teoría de resposta ao ítem relacionado coa posibilidade de acerto ao chou. V. <i>Teoría de resposta ao ítem (TRI)</i> Referencia: Bachman (1990: 204)	CA:283, DA:44, DE:318, EN:37, ES:296, FR:294, GA:275, IT:262, NE:50, PO:299
298	Parámetro de acerto casual	Guessing parameter	Parámetro de acerto casual/Parâmetro por adivinhação/Paràmetre d'atzar	V. <i>Parámetro C</i>	CA:284, DA:122, DE:319, EN:159, ES:297, FR:295, GA:277, IT:263, NE:160, PO:301

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
299	Parámetro de dificultade	Difficulty parameter	Parámetro de dificultade/ Parámetro de dificultade/ Paràmetre de dificultat	V. <i>Parámetro B</i>	CA:285, DA:379, DE:344, EN:102, ES:298, FR:296, GA:276, IT:264, NE:250, PO:300
300	Percentil	Percentile	Percentil/Pecentil/Percentil	Os 99 puntos dunha escala que dividen unha distribución de frecuencia en 100 grupos iguais. O percentil 50 (P50) chámase <i>mediana</i> . Os cuartís dividen a distribución en catro grupos iguais. Referencia: Hatch e Lazaraton (1991: 187-188)	CA:287, DA:280, DE:285, EN:275, ES:299, FR:49, GA:279, IT:266, NE:284, PO:302
301	Perfil	Profiling	Perfil/Perfilar/Perfil	Maneira de presentar os resultados dunha proba desagregados nos seus diversos puntos, de xeito que o candidato ou outros usuarios poidan identificar as áreas máis fortes e as máis débiles.	CA:288, DA:297, DE:404, EN:297, ES:300, FR:312, GA:282, IT:395, NE:307, PO:303
302	Pilotaxe	Pretesting	Experimentación/Pré-testagem/Experimentació	Fase do desenvolvemento dos materiais de proba no que se experimentan os ítems con mostras representativas da poboación obxecto para determinar a súa dificultade. Seguindo unha análise estatística, os ítems considerados satisfactorios poden utilizarse en probas auténticas.	CA:174, DA:105, DE:436, EN:293, ES:191, FR:307, GA:289, IT:273, NE:302, PO:311
303	Poboación	Population	Población/População/ Població	Conxunto finito ou infinito de valores. Por exemplo, todos os candidatos que fan unha proba. En estatística, tamén se chama <i>universo de puntuacións</i> . Cf. <i>Mostra</i>	CA:289, DA:292, DE:290, EN:285, ES:305, FR:303, GA:280, IT:269, NE:294, PO:308

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
304	Ponderación	Weighting	Ponderación/Ponderação/Ponderació	Asignación dun número diferente de puntos máximos a un ítem, tarefa ou compoñente dunha proba para cambiar a contribución relativa con respecto a outras partes da mesma proba. Por exemplo, se se lles dá unha puntuación dobre a todos os ítems na primeira tarefa dunha proba, esta tarefa terá unha maior proporción de puntuación total que as outras actividades. Referencia: Ebel e Frisbie (1991: 214-216)	CA:290, DA:435, DE:136, EN:438, ES:303, FR:302, GA:439, IT:268, NE:434, PO:306
305	Pregunta	Question	Pregunta/Questão/Pregunta	Termo utilizado ás veces para designar unha actividade ou un ítem dunha proba. <i>V. Ítem, Actividade</i>	CA:291, DA:357, DE:122, EN:303, ES:304, FR:315, GA:55, IT:136, NE:423, PO:323
306	Pregunta aberta	Open-ended question	Pregunta aberta/Questão aberta/Pregunta aberta	Tipo de ítem ou actividade nunha proba escrita na que o candidato ten que proporcionar unha resposta, en lugar de seleccionar unha. A finalidade deste tipo de ítem é provocar unha resposta relativamente espontánea, que pode variar desde unha palabra ata unha redacción extensa. O modelo de corrección ten en conta, polo tanto, unha variedade de respostas aceptables.	CA:292, DA:444, DE:273, EN:260, ES:305, FR:318, GA:56, IT:137, NE:273, PO:324

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
307	Proba	Test	Prueba/teste/prova	<p>Procedemento para avaliar aspectos específicos do dominio ou do coñecemento.</p> <p>a) Conxunto de ítems que constitúen un procedemento de avaliación. Tamén chamado <i>exame</i>.</p> <p>b) Tarefa individual (por exemplo, proba de encher ocos) ou compoñente dun exame para avaliar unha destreza específica ou coñecemento (por exemplo, expresión oral ou escrita).</p> <p>c) Procedemento de avaliación relativamente breve e fácil de administrar, a miúdo deseñado e levado a cabo por unha institución (por exemplo, unha proba de progreso) ou usado como parte dun programa de investigación ou de validación (por exemplo, unha proba de ancoraxe).</p> <p>Cf. <i>Exame</i> V. <i>Proba de ancoraxe, Proba de encher ocos, Proba de progreso</i> Referencia: Bachman (1990: 50)</p>	CA:300, DA:300, DE:389, EN:395, ES:311, FR:359, GA:403, IT:353, NE:388, PO:361
308	Proba activa	Live test/ítem	Prueba viva/Ítem vivo/Teste (ítem) activo/Prova/ítem vigent	Tipo de proba listo para utilizar e que, por isto, debe ser gardada baixo medidas de seguridade. Tamén denominada <i>ítem activo</i> .	CA:341, DA:101, DE:225, EN:217, ES:344, FR:360, GA:407, IT:355, NE:233, PO:362

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
309	Proba adaptativa	Adaptative test	Prueba adaptativa/Teste adaptativo/Prova adaptativa	Tipo de proba na que os ítems se lle presentan ao candidato durante a súa realización en función dos acertos e erros que vai cometendo. Refírese a miúdo a unha proba administrada por ordenador, ou tamén a unha entrevista oral. <i>V. Proba adaptativa por ordenador</i> Referencia: Bachman (1990: 151), Henning (1987: 136)	CA:302, DA:102, DE:6, EN:7, ES:312, FR:361, GA:429, IT:356, NE:5, PO:363
310	Proba C	c-test	Prueba C/Teste-C/Prova C	Tipo de proba de encher ocros na que se suprime a segunda parte dalgunhas palabras. A frecuencia de supresión pode chegar a ser unha de cada dúas palabras. <i>Cf. Proba de encher ocros</i> Referencia: Weir (1990: 49)	CA:304, DA:45, DE:62, EN:38, ES:314, FR:394, GA:408, IT:384, NE:51, PO:366
311	Proba chi-cadrado	Chi-square test	Test chi-cuadrado/Teste Qui-quadrado/Prova khi quadrat	Proba estatística non-paramétrica que compara os valores de respostas observadas e as respostas esperadas para indicar se a diferenza é estatisticamente significativa. <i>V. Procedementos non-paramétricos</i> Referencia: Hatch e Lazaraton (1991: 393-415)	CA:330, DA:49, DE:65, EN:49, ES:396, FR:149, GA:409, IT:359, NE:59, PO:395
312	Proba con fins específicos	Specific purpose test	Prueba de fines específicos/Teste para fins específicos/Prova de llengua per a propòsits específics	Tipo de proba deseñada para medir a capacidade dun candidato para actuar nun contexto profesional ou académico específico. O contido da proba deséñase de acordo coa análise das tarefas lingüísticas que os candidatos necesitarán para levar a enfrontarse á situación concreta de uso.	CA:318, DA:243, DE:112, EN:375, ES:328, FR:393, GA:431, IT:378, NE:351, PO:393

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
313	Proba contrarreloxo	Speeded test	Prueba de velocidade/Teste de velocidade/Prova de rapidez	Tipo de proba con tempo limitado. Os candidatos máis lentos acadan unha puntuación máis baixa porque non chegan ás últimas preguntas. Xeralmente, a maioría dos candidatos podería resolver con éxito este tipo de proba se non houberse límite de tempo. Ás veces chámase <i>proba de velocidade</i> . Cf. <i>Proba de capacidade</i>	CA:321, DA:129, DE:340/363, EN:376, ES:334, FR:363, GA:424, IT:372, NE:352, PO:385
314	Proba de acceso	Entrance test	Prueba de admisión/Teste de entrada/Prova d'accés	Tipo de proba para determinar se un candidato é admitido nunha institución determinada ou nun curso. Cf. <i>Proba de nivel</i>	CA:305, DA:5, DE:346, EN:124, ES:319, FR:369, GA:422, IT:364, NE:387, PO:377
315	Proba de actuación	Performance test	Prueba de actuación lingüística/Teste de performance/Prova d'actuació	Tipo de proba que require que os candidatos produzan unha mostra de lingua, escrita ou falada (por exemplo, redaccións ou entrevistas orais). Adoitan estar deseñadas para reproducir a actuación lingüística en contextos reais. Referencia: Bachman (1990: 304-305)	CA:306, DA:283, DE:284, EN:278, ES:318, FR:380, GA:416, IT:367, NE:287, PO:381
316	Proba de ancoraxe	Anchor test	Prueba de anclaje/Teste-âncora/Prova d'ancoratge	Tipo de proba con características de medida coñecidas que se administra xunto con outra proba. Os resultados obtidos na proba de ancoraxe proporciona información sobre a outra proba e sobre os candidatos que fixeron ambas as dúas. Cf. <i>Ítem âncora</i>	CA:307, DA:17, DE:19, EN:16, ES:320, FR:367, GA:404, IT:357, NE:18, PO:365

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
317	Proba de aproveitamento	Achievement test	Prueba de aproveitamiento/ Teste de conhecimentos/ Prova de a'ssoliment	V. <i>Proba de rendemento</i>	CA:309, DA:366, DE:369, EN:6, ES:321, FR:374, GA:419, IT:368, NE:301, PO:374
318	Proba de aptitude	Aptitude test	Prueba de aptitud/Teste de aptidão/Prova d'aptitud	Tipo de proba que mide o potencial de éxito dun candidato nunha área específica de aprendizaxe, por exemplo, aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Referencia: Henning (1987: 6); Ebel e Frisbie (1991: 339)	CA:308, DA:18, DE:96, EN:20, ES:322, FR:368, GA:421, IT:358, NE:22, PO:370
319	Proba de capacidade	Power test	Prueba de potencial/Teste de capacidade/Prova de capacitat	Tipo de proba cunha duración que permite que todos os candidatos a poidan rematar, pero que contén algunhas actividades ou ítems cun grao de dificultade que fai pouco probable que a maioría dos candidatos responda correctamente cada ítem. Cf. <i>Proba contrarreloxo</i>	CA:310, DA:299, DE:261/293, EN:288, ES:329, FR:379, GA:413, IT:360, NE:296, PO:371
320	Proba de comprensión oral	Listening comprehension test	Prueba de comprensión auditiva/Teste de compreensão oral/Prova de comprensió oral	Tipo de proba de comprensión oral que se administra coa axuda dunha radiocasete ou dun vídeo.	CA:315, DA:221, DE:147, EN:216, ES:324, FR:372, GA:411, IT:361, NE:235, PO:373
321	Proba de diagnóstico	Diagnostic test	Prueba de diagnóstico/ Teste diagnóstico/Prova de diagnòstic	Tipo de proba utilizada para descubrir os puntos fortes e débiles dun estudante. Os resultados poden servir para tomar decisións con relación á formación, aprendizaxe ou ensino posteriores.	CA:317, DA:65, DE:77, EN:97, ES:325, FR:383, GA:414, IT:373, NE:97, PO:386

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
322	Proba de dominio	Proficiency test	Prueba de dominio/Teste de nivel de capacidade/Prova de proficiencia	Tipo de proba que mide unha capacidade xeral ou destreza, sen referirse a ningún curso ou conxunto de materiais en particular.	CA:319, DA:112, DE:120, EN:296, ES:326, FR:378, GA:428, IT:363, NE:306, PO:379
323	Proba de dominio específico	Mastery test	Prueba de dominio específico/Teste de dominio/Prova referida al domini	Tipo de proba deseñada para establecer se un estudante acadou un campo ben definido de destrezas ou de coñecemento.	CA:338, DA:22, DE:120, EN:225, ES:327, FR:376, GA:425, IT:366, NE:237, PO:376
324	Proba de encher ocos	Cloze test	Prueba cloze (cloze test)/Teste de estruturação perceptiva/Prova de compleció	Tipo de proba na que se suprimen algunhas palabras dun texto. Nas probas tradicionais, suprímese unha de cada x palabras. Noutras probas, chamadas <i>probas racionais de encher ocos</i> , suprímense secuencias curtas nun texto ou palabras seguindo un criterio determinado. As probas de encher ocos poden ser abertas (o candidato achega as palabras omitidas) ou pechadas (o candidato escolle unha entre varias opcións). A corrección pode ser por 'palabra exacta' (só hai unha resposta correcta) ou por 'palabra aceptable' (hai unha lista de respostas aceptables). Cf. <i>Proba C, Ítem de encher ocos</i> Referencia: Weir (1990: 46-48), Oller (1979: cap. 12)	CA:313, DA:50, DE:66, EN:52, ES:315, FR:370, GA:410, IT:362, NE:61, PO:378
325	Proba de nivel	Placement test	Prueba de clasificación/Teste de colocação/Prova de col-locació	Tipo de proba administrada para colocar os alumnos nun grupo ou clase dun nivel axeitado segundo os seus coñecementos e capacidades.	CA:311, DA:137, DE:101, EN:282, ES:323, FR:377, GA:434, IT:365, NE:291, PO:372

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
326	Proba de progreso	Progress test	Prueba de progreso/Teste de progreso/Prova de progrés	Tipo de proba administrada ao longo dun curso para avaliar a aprendizaxe acadada ata ese momento.	CA:320, DA:108, DE:214, EN:298, ES:330, FR:381, GA:418, IT:369, NE:422, PO:382
327	Proba de rendemento	Attainment test	Prueba de rendimento/Teste de coñecimentos/Prova de rendiment	Tipo de proba deseñada para determinar o grao de coñecemento acadado por un candidato con respecto a un curso específico, un libro de texto etc.; é dicir, unha <i>proba dependente do currículo</i>	CA:322, DA:20, DE:203, EN:23, ES:331, FR:366, GA:419, IT:368, NE:421, PO:374
328	Proba de selección	Screening test/ Selection test	Prueba de selección/Teste de despistagem/Teste de selecção/Prova de detección/Prova de selecció	V. <i>Proba de acceso</i>	CA:316/323, DA:330/424, DE:36/98, EN:349/353, ES:332, FR:375/382, GA:430/432, IT:370, NE:332/333, PO:375/383
329	Proba de significación	Significance test	Prueba de significación/Teste de significância/Prova de significació	Tipo de proba para determinar a significación estatística. V. <i>Significación</i>	CA:324, DA:334, DE:350, EN:364, ES:333, FR:373, GA:435, IT:371, NE:339, PO:384
330	Proba dependente do currículo	Curriculum-dependent test	Prueba basada en el curriculum/Teste dependente de curriculum/Prova dependent del currículo	Tipo de proba estreitamente vinculada a un programa de estudos específico, que desempeña un papel determinado no proceso pedagógico. Cf. <i>Proba independente do currículo</i> V. <i>Proba de aproveitamento</i>	CA:325, DA:56, DE:217, EN:88, ES:313, FR:365, GA:406, IT:374, NE:221, PO:380

N.º en galego	Termo galego	Termo inglés	Termo español/portugués/catalán	Definición	Códigos
331	Proba directa	Direct test	Prueba directa/Teste directo/Prova directa	Tipo de proba que avalía as destrezas de expresión oral e escrita producidas directamente. Por exemplo, examinar a capacidade de expresión escrita mediante a redacción dunha carta por parte do candidato. Tamén denominada <i>actividade directa</i> . Cf. <i>Proba indirecta</i>	CA:326, DA:70, DE:81, EN:104, ES:335, FR:384, GA:415, IT:375, NE:102, PO:387
332	Proba final	Post-test	Prueba final/Pós-teste/Prova final	Tipo de proba administrada ao final dun curso. O contraste entre os resultados desta proba e da <i>proba inicial</i> informa da eficacia do curso. Cf. <i>Proba inicial</i>	CA:327, DA:345, DE:5, EN:287, ES:336, FR:305, GA:179, IT:271, NE:295, PO:310
